



INSTRUCCIÓN PARTICULARES

Plan de adaptación á situación Covid-19 Curso 2021/2022

ALUMNADO_(v.08/10/21)

1.-AUTOAVALIACIÓN DA SAÚDE

- Antes da chegada ao centro o alumnado, ou os seus pais/nais/titores/as legais, realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria coa finalidade de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa de autoavaliación que se describe no Anexo I do "Plan de adaptación á situación Covid-19 do IES 12 de Outubro no curso 2021-2022"
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.
- No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliar serán os que recomende médico ou pediatra.

Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación

- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará co centro de saúde de referencia do alumno/a dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid a maior brevidade posible. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.
- O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de

que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. A medición da temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa Covid-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

- Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. A persoa afectada ou a súa familia comunicará o diagnóstico obtido, no caso de ser positivo, ao Equipo Covid do centro.
- Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV- 2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.

O alumnado que conviva coa persoa positiva será considerado contacto estreito, excepto que a Central de Seguimento de Contactos lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da Central de Seguimento de Contactos en coretena.

- Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

2.-NORMAS XERAIS

- **O uso da máscara é obrigatorio para todo o alumnado en todo o centro, durante toda a xornada lectiva.** Será obrigatorio tamén levar unha máscara de recambio, así coma un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.
- A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.
- **Ao entrar e saír das aulas terán que desinfectar as mans con xel hidroalcolico. Esta mesma limpeza terán que facela ao entrar ou saír dos aseos.**
- **O alumnado deberá entrar e saír unicamente polas portas asignadas a cada grupo e respectar as normas específicas do protocolo para entradas e saídas.**
- **Todas as circulacións no IES faranse en ringleira de UN gardando a distancia de seguridade de 1,5 metros e acompañado do profesor que corresponda.**
- O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar contacto co resto de compañeiros (recoméndase ter o material gardado en estoxos rotulado co seu nome).
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.
- Colocarase a roupa na cadeira de uso propio, de forma separada do resto (evitarase o uso dos percheiros)
- Para saír ao encerado pode usar o seu propio xiz ou rotulador ou desinfectar o común antes de saír.
- Evitarase o desprazamento do alumnado na aula aínda que se permitirá o levantamento para pequenos estiramientos sen moverse do posto escolar.
- En caso de necesidade urxente solicitaralle permiso ao profesorado para ir ao aseo.
- Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase. No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisará ao profesorado para que finalice a súa clase 5 minutos antes, de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. Esperará ao profesor da seguinte hora que os recollerá e acompañará ata a outra aula en orde e en ringleira de un en un, gardando a distancia de seguridade. Se houbese

outro grupo na nova aula agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia, evitando formar agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

- Nas aulas específicas de tecnoloxía, música, laboratorios, talleres, debuxo, informática... extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido. É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas e o material compartido debe ser desinfectado ao inicio da actividade e ao remate.
- O alumnado deberá manter na súa posición as mesas (terán unha marca no chan).
- **Durante os recreos o alumnado deberá permanecer na parcela asignada ao seu grupo no patio.** Só a deixará para ir á cafetería, aos aseos ou á biblioteca (se ten cita previa) co permiso do profesor de garda. Todo o alumnado de BACH e CC.FF sairá fóra do recinto do IES.
- No caso de condicións meteorolóxicas adversas, dirixiranse aos recintos indicados no protocolo de entradas - saídas do Plan.
- O alumnado respectará o aforo permitido para o uso dos aseos esperando a entrada en ringleira e gardando a distancia de seguridade. Durante os recreos usará os da planta baixa ou o da cafetería e no horario de clases, se fose necesario, usará o aseo situado na mesma planta que a súa aula.
- Para ir á cafetería o alumnado esperará a que o profesorado de garda lle dea a súa quenda. A entrada será pola porta exterior, á que se accede dende o patio e sairase pola porta da cafetería que dá á planta baixa, ao carón da Biblioteca, seguindo o percorrido reflectido nos planos nº 22 e 23. Despois, dirixirase ao espazo asignado ao seu grupo.
- Na última hora lectiva, previa á saída, o alumnado recollerá todo o material e desinfectará a mesa e a cadeira co desinfectante e o papel desbotable . Isto será guiado e vixiado de forma visual polo profesor da seguinte forma:
 - O profesor será quen pulverice o desinfectante sobre a mesa e as cadeira de cada alumno (3 pulverizacións sobre a superficie da mesa e 2 sobre a cadeira)
 - O alumno esperará 30 seg. desde que finalicen as pulverizacións e limpará ambas superficies cos panos desbotables presentes na aula que lle facilitará o profesorado.
 - Finalmente, porán a cadeira enriba da mesa.
 - Depositarán na papeleira con tapa e pedal os panos utilizados.

- O alumnado deberá de cumprir as seguintes medidas de hixiene respiratoria:
 - Ao tusir, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose do resto de persoas.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

NOTAS:

- **As presentes instrucións deben considerarse PROVISIONAIS e serán actualizadas en función das indicacións facilitadas pola autoridade educativa e sanitaria en cada momento.**
- **Do mesmo xeito, adaptaranse segundo a súa eficacia na práctica diaria do IES.**
- **Están redactadas a título informativo e como resumo do indicado no “Plan de adaptación á situación Covid-19 do IES 12 de Outubro no curso 2021-2022”. Acudirase á consulta de dito plan, que estará publicado na Web e impreso nas dependencias do IES, para calquera aclaración e profundización desta información**

POLA SEGURIDADE E SAÚDE DE TODOS RESPECTEMOS AS NORMAS



ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
CONVIVIU nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		